CARTA DE PRINCIPIOS DA ECONOMÍA SOLIDARIA

Este documento presenta os principios que caracterizan a Economía Solidaria para REAS Rede de Redes de Economía Alternativa e Solidaria. Trátase dos trazos que orientan tanto a visión como a práctica das organizacións da Economía Solidaria e as súas relacións con outros axentes, así como o proxecto económico, social e político que impulsa o movemento no seu conxunto.

A primeira versión desta Carta de principios foi elaborada no ano 1995 e foi revisada en 2000 e 2011. En 2022, presentamos unha actualización dos seus contidos, consonte os cambios que se foron producindo nos contextos tanto locais como globais, no eido das alternativas económicas transformadoras e no propio movemento da Economía Solidaria. Neste sentido, cómpre destacar a incorporación dunha ollada máis feminista e ecoloxista, xa que afrontamos unha conxuntura planetaria na que a resposta ás urxencias e aos retos ecosociais se converteu nunha prioridade para a propia sustentabilidade da vida.

Como se desprende deste documento, a Economía Solidaria, sendo ademais unha corrente dentro da Economía Social, é unha visión e unha práctica que coloca os procesos de sostemento da vida no centro da actividade socioeconómica, polo que sitúa as persoas, comunidades, pobos, culturas, contorna ambiental e bens comúns por riba do capital e da súa acumulación.

Deste xeito, a Economía Solidaria promove e desenvolve iniciativas alternativas en todas as esferas do ciclo económico (financiamento, produción, comercialización e consumo), desde valores relacionados, entre outros, coa cooperación, a reciprocidade, a autoxestión e a solidariedade. Todo isto desde unha perspectiva transformadora que persegue construír economías máis comunitarias, democráticas, equitativas, inclusivas e sustentables. Economías, en definitiva, feministas, ecolóxicas e solidarias.

Desde esta perspectiva, as propostas da Economía Solidaria afrontan o desenvolvemento dunha economía capitalista, financiarizada e afastada da economía real, centrada no crecemento ilimitado da produción e o consumo á marxe dos seus efectos sociais e ambientais, e cuxo único obxectivo é o ánimo de lucro e a maximización de beneficios, o que produce expresións de precariedade, pobreza e desigualdade insustentables.

Trátase dun sistema non só económico, senón sociopolítico e cultural, no que a identidade masculina, heterosexual, branca, normativa, adultocéntrica e urbanita sostén privilexios sobre outras identidades e orientacións sexuais e de xénero, dando lugar a relacións de desigualdade e exclusión.

Un sistema, ademais, ecocida, que non atende ao feito de que o planeta excedera os seus límites biofísicos. A destrución de ecosistemas, o aumento da pegada ecolóxica, o quecemento global ou a perda de biodiversidade son algúns dos efectos dun modelo que pon en cuestión a propia sustentabilidade da vida e, daquela, compromete a existencia das xeracións futuras.



Un sistema, finalmente, antidemocrático, que escapa ao control e está por riba da soberanía das persoas, dos grupos sociais e dos pobos, e que se impón como única alternativa, non só económica, senón de organización social, política e cultural. Unha imposición que inclúe o exercicio da violencia contra a vida e os dereitos humanos de amplas capas da poboación, así como doutras violencias máis sutís e discretas.

Desde a Economía Solidaria, reivindicamos a transición cara a novos modelos nos que os seis principios que presentamos —equidade, traballo digno, sustentabilidade ecolóxica, cooperación, reparto xusto da riqueza e compromiso coa contorna— posibiliten a xeración de iniciativas, espazos e redes económica e socialmente transformadoras.

Este documento non é un texto pechado nin pretende definir con exhaustividade cada un dos principios sinalados, senón que é froito dun proceso de elaboración colectiva e colaborativa no que participaron moitas persoas, organizacións e redes que, a través da súa experiencia, o seu quefacer cotián e tamén dos seus soños e aspiracións, tratan de estender e desenvolver os valores e as prácticas da Economía Solidaria.

Con el, REAS Rede de Redes de Economía Alternativa e Solidaria pretende comunicar publicamente os trazos centrais que a identifican como movemento, mellorar as prácticas das redes e iniciativas que agrupa, dialogar con outras economías transformadoras e promover alianzas e colaboracións con outras redes e institucións que compartan a necesidade de construír alternativas socioeconómicas.

PRINCIPIOS DA ECONOMÍA SOLIDARIA

EQUIDADE

TRABALLO DIGNO

SUSTENTABILIDADE ECOLÓXICA

COOPERACIÓN

REPARTO XUST DA RIQUEZA

COMPROMISO COA CONTORNA

EQUIDADE

Perante un sistema que se caracteriza por xerar múltiples desigualdades e opresións, a Economía Solidaria propón unha transición cara a novos modelos nos que a equidade sexa un elemento central nas relacións entre persoas, comunidades e pobos, así como co planeta. Unhas relacións horizontais que recoñezan positivamente e integren a diversidade.

A equidade incorpora ao obxectivo da igualdade as perspectivas complementarias da xustiza e a diversidade. Supón recoñecer e considerar a igualdade de oportunidades, condicións e trato, á vez que establecer un reparto xusto de obrigas, recursos e responsabilidades. Trátase dun valor necesario para recoñecer e garantir o dereito de toda persoa a vivir unha boa vida desde os principios da universalidade e a singularidade, así como dos seus intereses e necesidades vitais.

Fomentar a equidade implica garantir o dereito de todas as persoas a non estar sometidas a relacións baseadas na dominación, sexa cal sexa a súa condición socioeconómica, de xénero, orientación e identidade sexual, idade, cultura, orixe, crenzas, linguas, situación legal, capacidades… así como calquera outra característica obxecto de discriminación.

Incorporar o principio de equidade nas iniciativas da Economía Solidaria supón fortalecer o seu carácter transformador e inclusivo, así como priorizar a tarefa de construír espazos habitables nos que se cuestionen os privilexios e nos que calquera persoa poida participar desde o recoñecemento da súa diversidade. Espazos que promovan a igualdade de oportunidades a través de prácticas que visibilicen e transformen os sistemas opresivos e posibiliten a transición cara a modelos máis equitativos e corresponsables.

O compromiso co principio de equidade implica a todas as estruturas e a todas as persoas que, dun xeito ou doutro, forman parte das organizacións e redes da Economía Solidaria, mais tamén ás súas relacións con outras persoas e entidades sociais.

Trátase, así mesmo, dun criterio de relación co conxunto da sociedade e cos diferentes territorios, rurais e urbanos, xeograficamente próximos ou afastados e, particularmente, con aquelas persoas e comunidades que soportan maiores niveis de desigualdade e discriminación.

PARA DESENVOLVER ESTE PRINCIPIO PROPONSE

Promover entre as persoas relacións de reciprocidade que faciliten a corresponsabilidade desde os valores e a práctica do apoio mutuo

---

Asegurar un reparto equitativo de todas as tarefas produtivas, reprodutivas e de coidados

---

Valorar de maneira ética e xusta os bens e servizos, facilitando a súa dispoñibilidade e acceso para todas as persoas

---

Artellar espazos e prácticas que consideren en todo o seu proceso as persoas en situación de vulnerabilidade e desvantaxe social, garantindo a igualdade de dereitos e oportunidades e facilitando a súa inclusión a través da acción positiva, a formación e o desenvolvemento de capacidades

---

Repensar e transformar as estruturas e prácticas de gobernanza nas que se poden dar dinámicas de poder excluíntes e decote invisibilizadas: procesos de toma de decisión, xestión de emocións, reparto de tarefas, manexo de conflitos etc

---

Garantir o dereito á participación libre, horizontal e equitativa en todos os ámbitos organizativos e asegurar que a información sexa accesible, clara e frecuente

TRABALLO DIGNO

Moito máis ca un emprego ou unha ocupación, o traballo é toda actividade humana que fai posible que a vida se sosteña, sexa tratada con coidado e se reproduza, tanto no presente como no futuro. Por iso, desde a Economía Solidaria, recoñécense os traballos en plural, produtivos e reprodutivos, profesionais e voluntarios, remunerados e gratuítos.

Así mesmo, enténdese o traballo como unha ferramenta de acción colectiva ao servizo das necesidades da comunidade e da sustentabilidade da vida, orientada cara ao desenvolvemento das capacidades e ao empoderamento individual e colectivo.

A interdependencia e a ecodependencia son asumidas como procesos básicos e necesarios para a nosa supervivencia, polo que, particularmente, os traballos de coidados entre as persoas, comunidades e co planeta sitúanse como prioritarios para a organización social. Compartir a responsabilidade e distribuír equitativamente a súa provisión é indispensable para promover a calidade de vida das persoas, a comunidade e a súa contorna ambiental, así como para desenvolver unhas relacións sociais e económicas xustas.

Por iso, a Economía Solidaria promove un emprego digno, saudable e emancipador, baseado na cooperación e no equilibrio salarial, no dereito a participar na propiedade dos medios de produción e na toma de decisións. Un emprego dirixido a producir bens e servizos socialmente útiles de forma equitativa e sustentable.

Como forma de superar as dinámicas de empobrecemento crónico e precarización vital, as experiencias da Economía Solidaria ofrecen ás persoas os recursos e o tempo preciso para gozar de vidas que pague a pena vivir. Para conseguilo, promoven iniciativas cooperativas, autoxestionadas, participativas e transparentes que satisfagan necesidades e contribúan ao benestar individual e colectivo. Estas iniciativas deben garantir o desenvolvemento das capacidades persoais, o reparto de todos os traballos, así como a creación de emprego estable e de calidade que facilite a inclusión social e económica nun ambiente de igualdade de oportunidades.

Mediante a proposta dun novo reparto, valorización e reorganización social de todos os traballos, a Economía Solidaria impulsa un cambio cultural que permita superar as lóxicas dualistas de dominación e fragmentación entre as diferentes esferas que concirnen a vida das persoas. En último termo, perséguese revalorizar a vida en todas as súas dimensións e etapas.

PARA DESENVOLVER ESTE PRINCIPIO PROPONSE

Fomentar o reparto de todos os traballos (remunerados ou non), a equiparación do valor social e económico do traballo produtivo e reprodutivo, e a distribución equitativa da renda como garantía dunha boa vida

Promover unha nova organización social dos coidados que garanta a súa provisión desde a responsabilidade compartida e o reparto dos traballos nas esferas privada, comunitaria e pública

Impulsar a organización e participación comunitaria para o impulso de iniciativas sociais que promovan a solidariedade económica, a satisfacción de necesidades sociais e a promoción do benestar, con ou sen intermediación do diñeiro

Defender e garantir o dereito fundamental para todas as persoas de acceso ás oportunidades laborais e sociais necesarias para a obtención de recursos

Desenvolver un emprego decente, emancipador e inclusivo capaz de xestionar a diversidade e incorporar laboral e socialmente ás persoas que sofren calquera tipo de discriminación

Construír organizacións habitables e corresponsables coa sustentabilidade da vida, tendo en conta tanto as dimensións social, ambiental e comunitaria dos coidados, como a capacidade das persoas para elixir o seu traballo desde as súas habilidades e anhelos

Impulsar empresas horizontais, diversas e democráticas que impulsen a participación, o liderado cooperativo e o pensamento crítico, pondo atención nos procesos e nas relacións, incorporando na cultura organizativa a saúde emocional e a necesidade de dar e recibir coidados

SUSTENTABILIDADE ECOLÓXICA

Toda actividade humana é ecodependente, polo que desde a perspectiva da sustentabilidade ecolóxica se recoñece os seus límites ambientais e se promove o compromiso de convivencia positiva coa contorna natural e o mantemento da súa riqueza no presente e no futuro.

A Economía Solidaria recoñece a natureza como suxeito de dereitos, polo que coloca os seres vivos e a reprodución da vida no centro de todo proceso social e económico. Por iso, asume os límites biofísicos do planeta, promove o sostemento dos ecosistemas e comprométese co seu coidado. Neste sentido, considera a sustentabilidade ecolóxica como un principio central no seu compromiso coa saúde do planeta e coa sustentabilidade da vida, asumindo a necesidade de asegurar a supervivencia de todos os seres vivos.

Desde esa perspectiva, a Economía Solidaria considera o decrecemento material como unha obriga necesaria tras un proceso histórico de explotación dun planeta de recursos limitados. O compromiso cunha transición ecolóxica esixe decrecer nos procesos de extracción de recursos naturais, no uso de fontes de enerxía, na sobreexplotación dos solos fértiles e no mantemento dos actuais niveis de produción e consumo que destrúen a biodiversidade e os ecosistemas necesarios para a vida.

Diante da crise ecosocial que hipoteca os recursos naturais e pon en perigo a propia existencia humana e de toda expresión de vida, a Economía Solidaria promove un novo paradigma centrado en sentir e soster a vida do planeta. Para conseguilo, comprométese con non causar máis danos e reparar as contornas ambientais, aprendendo das cosmovisións de pobos e culturas que manifestan e practican a convivencia coa natureza e o respecto dos seus ciclos e procesos.

Fronte á xeración de precariedade, pobreza e desigualdade do actual modelo socioeconómico, o compromiso da Economía Solidaria coa sustentabilidade ecolóxica baséase en lóxicas de xustiza e solidariedade global, onde a distribución e o reparto da riqueza son elementos centrais dese novo modelo que coida a vida e o planeta.

PARA DESENVOLVER ESTE PRINCIPIO PROPONSE

Desenvolver modelos de produción, distribución e consumo conscientes, responsables, críticos e transformadores, que aseguren a sustentabilidade ecolóxica en toda a cadea económica, impulsando o desenvolvemento de circuítos económicos locais e de proximidade

---

Reducir, reparar, recuperar, reutilizar e reciclar os materiais e recursos producidos ou utilizados, limitando o impacto ambiental das actividades económicas

---

Impulsar relacións económicas, acordos comerciais ou a selección de entidades provedoras de produtos e servizos desde criterios de xustiza ambiental e social

---

Promover unha cultura rexenerativa dirixida a restaurar os ecosistemas e ciclos naturais do planeta, así como a recuperar e preservar a biodiversidade e reparar o dano ambiental causado.

Promover prácticas ambientais alternativas no eido da vivenda cooperativa, o urbanismo social e a desmercantilización dos espazos públicos e do territorio

---

Impulsar o equilibrio e a integración entre o ámbito rural, urbano e os espazos naturais, co obxectivo de modular e frear o impacto ecolóxico na xestión do territorio

---

Practicar a agroecoloxía como modelo baseado en prácticas de produción, distribución e consumo respectuosas coa natureza, así como promover a soberanía alimentaria como estratexia de transformación do inxusto e insustentable sistema alimentario

---

Impulsar iniciativas que posibiliten unha transición enerxética xusta cara a un modelo sustentable, así como promover a soberanía enerxética a través do desenvolvemento de modelos cooperativos de produción, xestión e consumo de enerxías renovables

COOPERACIÓN

Ao contrario do individualismo e a competencia imperantes no capitalismo, a Economía Solidaria entende a cooperación como unha proposta de autoorganización baseada no apoio mutuo e a solidariedade, dirixida á satisfacción de necesidades e ao logro do ben común. Para logralo, tece redes de cooperación que impulsen unha axenda colectiva transformadora e se convertan en espazos que promovan a democracia directa e a ética da participación, a horizontalidade e o respecto da autonomía, o empoderamento de quen participa e a redistribución do poder.

Desde esta perspectiva, os procesos de cooperación favorecen a corresponsabilidade, o traballo colaborativo, a deliberación colectiva, os saberes compartidos e a aprendizaxe mutua. Valores e prácticas necesarias para a construción de organizacións e iniciativas alternativas, así como para o desenvolvemento dun modelo socioeconómico solidario, igualitario e diverso.

A Economía Solidaria promove unha cultura de cooperación e interdependencia entre organizacións para superar o modelo de competencia que illa persoas e comunidades. Herdeira do legado histórico do mutualismo e o cooperativismo, compartido con outros movementos sociais críticos e con outras economías transformadoras, a cooperación promove o desenvolvemento de estratexias colectivas e plurais baseadas en compartir coñecementos, traballar en rede e pór en común esforzos e recursos. Todo isto facilita o enriquecemento mutuo e a expansión de formas de intervención e xestión máis democráticas, solidarias, equitativas e sustentables.

A cultura cooperativa permite ás organizacións compartir visión e valores. A súa dimensión educativa, ademais, favorece un coñecemento máis axustado da diversidade do territorio e da vida comunitaria. En último termo, a Economía Solidaria promove a cooperación como elemento central para a construción de relacións económicas colaborativas, democráticas e transparentes.

PARA DESENVOLVER ESTE PRINCIPIO PROPONSE

Favorecer a cooperación no canto da competencia, tanto no interior como fóra das organizacións

---

Impulsar modelos de gobernanza democráticos, que respecten a autonomía como principio de liberdade, garantan o exercicio da corresponsabilidade e a autoxestión, e desenvolvan ferramentas que posibiliten o empoderamento, a igualdade de oportunidades, o respecto e a implicación corresponsable

---

Xerar espazos de participación nas propias entidades para todas as persoas implicadas: socias, traballadoras, beneficiarias de servizos etc

---

Atender e acompañar colectivamente as distintas necesidades das persoas e das entidades, así como as diversas situacións de vulnerabilidade e fraxilidade

---

Fomentar relacións de traballo en rede baseadas na confianza mutua, que respecten a autonomía das entidades e promovan o seu fortalecemento

---

Impulsar estratexias para favorecer e canalizar a intercooperación entre entidades, reforzando a dimensión económica da cooperación, entendida como unha estratexia empresarial colaborativa baseada no fortalecemento conxunto

---

Deseñar e compartir ferramentas de intercooperación na produción cooperativa de produtos e servizos, no sostemento colectivo de instrumentos de financiamento ético, no despregamento do Mercado Social ou na promoción do consumo cooperativo en eidos como a alimentación, a enerxía, a vivenda, a cultura etc.

Promover e participar en campañas, proxectos e iniciativas comúns que amplíen a capacidade de incidencia e o impacto das iniciativas transformadoras

---

Impulsar o artellamento en rede das organizacións para o seu despregamento en todos os ámbitos (local, rexional e internacional), así como promover a cooperación público-social-comunitaria para a execución de políticas que desenvolvan a Economía Solidaria, tanto local como internacionalmente

REPARTO XUSTO DA RIQUEZA

Posibilitar a transición ecosocial que o noso planeta precisa require cuestionar o pensamento económico hexemónico, reivindicando unha economía real ao servizo das persoas e do planeta, así como promovendo unha xeración sustentable e un reparto xusto da riqueza.

A Economía Solidaria propón unha consideración alternativa e integral do concepto de riqueza, ademais de reclamar a súa distribución de modo corresponsable. Así, entendemos a riqueza como o conxunto de elementos materiais, sociais, culturais e naturais que determinan a capacidade dunha comunidade de atender as necesidades dos seus integrantes no curto, medio e longo prazo.

Así, a súa xusta xeración, distribución e conservación convértese nunha estratexia colectiva necesaria para a reprodución e a sustentabilidade da vida. Ao mesmo tempo, implica resignificar o uso e o valor do diñeiro como un instrumento para unha economía de base comunitaria que nos permita construír sociedades equitativas, inclusivas e autónomas.

Asumimos o carácter colectivo da práctica económica e incorporamos, por iso, un conxunto de tradicións asociativas que, como o cooperativismo, as organizacións sen ánimo de lucro, o comercio xusto, a economía dos coidados ou as finanzas éticas, xeran e distribúen esa riqueza de carácter integral a través de iniciativas autónomas e sustentables.

A xeración e xusta distribución da riqueza permite promover un impacto social e económico no territorio que favorece o bo vivir, a través do despregamento de circuítos que contribúen á construción de modelos socioeconómicos máis xustos e sustentables. Posibilita, así mesmo, a xeración de traballos socialmente necesarios, inclusivos e de calidade, ao servizo das necesidades das persoas.

Este principio demanda ás organizacións da Economía Solidaria que recoñezan a dimensión económica da súa actividade e acepten a responsabilidade que implica na xeración, reinvestimento e distribución dos seus excedentes. Para facelo, promóvese un uso responsable e unha xusta distribución dos devanditos excedentes que permita, dunha banda, satisfacer as necesidades materiais e socioculturais das persoas a través dunha retribución xusta e un ambiente sociolaboral compatible cos proxectos de vida. Doutra banda, permite consolidar a estrutura financeira da organización como garantía para a súa autonomía e sustentabilidade. Por último, contribúe a xerar circuítos de financiamento propios da Economía Solidaria e ao servizo da transformación ecosocial.

Así mesmo, interpela as persoas e institucións sociais sobre a promoción dun consumo crítico, consciente e transformador, así como unha educación económica e financeira en sintonía cos valores da solidariedade e a xustiza social.

PARA DESENVOLVER ESTE PRINCIPIO PROPONSE

Reinvestir os excedentes para o desenvolvemento, a consolidación e a patrimonialización das propias organizacións

Promover e apoiar iniciativas colectivas transformadoras e mecanismos de solidariedade comunitaria

Investir con criterios de utilidade social e ambiental

Desenvolver e soster un sistema financeiro ético e solidario, rexido polos principios de propiedade colectiva, participación e transparencia, orientado á economía real, de carácter integral e inclusivo, que promova a solidariedade comunitaria e estea ao servizo do interese colectivo

Utilizar ferramentas de medición, análise e avaliación para garantir a xestión democrática e a transparencia na redistribución e o reinvestimento dos excedentes

Integrar os procesos de produción, distribución, financiamento e consumo no Mercado Social como estratexia compartida para aumentar os impactos positivos e o potencial transformador da Economía Solidaria e das súas organizacións

COMPROMISO COA CONTORNA

O recoñecemento da interdependencia e da ecodependencia, así como o anhelo transformador das iniciativas e organizacións da Economía Solidaria, implica unha relación intensa entre estas e a contorna na que se desenvolven, así como un compromiso coa súa mellora. Trátase dunha ollada local que se complementa coa necesaria comprensión da interrelación entre as dinámicas supraterritoriais que perseguen a xustiza ecosocial a nivel global.

O compromiso coa contorna supón coñecer e recoñecer, implicarse, colaborar e artellarse co resto dos axentes que conforman o tecido socioeconómico no que actúa e se enraíza a Economía Solidaria. Implica a promoción e o impulso de modelos de produción, distribución e consumo centrados no territorio, desde onde construír propostas comunitarias de mellora e, a través de alianzas que provoquen un efecto multiplicador, unha axenda de transformación ecosocial que transite do local ao global.

Supón, así mesmo, un forte compromiso coa cultura local, recoñecendo, á súa vez, a diversidade de identidades e expresións sociais e culturais existentes. Desde a devandita perspectiva, este compromiso implica, particularmente, coñecer e recoñecer as persoas da contorna en situación de vulnerabilidade e desvantaxe social para poder artellar respostas ás súas necesidades e intereses, favorecendo a súa inclusión a través das iniciativas da Economía Solidaria e da transformación do modelo socioeconómico.

Para desenvolver este compromiso coa contorna, cómpre coidar e fortalecer os vínculos e o traballo en rede entre as propias persoas e entidades da Economía Solidaria, así como establecer alianzas con outras redes coas que construír un suxeito económico, social e político de carácter solidario, feminista, antirracista e decolonial. Así mesmo, é importante, asumindo a pluralidade e a diversidade, establecer colaboracións con outros axentes sociais e institucionais que permitan desenvolver políticas e estratexias de transformación territorial.

Este compromiso require tomar conciencia da realidade social e territorial, ademais de fortalecer o sentimento de pertenza á comunidade. Para logralo, na intervención coa contorna, cómpre colocar no centro as persoas, os coidados, a saúde e o benestar, asumindo a natureza como suxeito e apoiando os procesos locais e comunitarios.

PARA DESENVOLVER ESTE PRINCIPIO PROPONSE

Establecer entre as iniciativas da Economía Solidaria e a contorna relacións colaborativas, equitativas e respectuosas

Comunicar á contorna a realidade, obxectivos e resultados das entidades da Economía Solidaria, a través de instrumentos e canles de comunicación axeitados e accesibles

Valorar e utilizar os recursos, capacidades e potencialidades propias do territorio desde unha perspectiva de desenvolvemento endóxeno

Mellorar a contorna coas iniciativas e accións que propón a Economía Solidaria, promovendo, particularmente, o desenvolvemento de relacións económicas alternativas e de base comunitaria

Identificar necesidades, desigualdades e inxustizas no territorio para promover o desenvolvemento de respostas e alternativas

Participar activamente naquelas redes locais e movementos sociais que promovan a sensibilización, a mobilización e o desenvolvemento de accións de transformación do territorio

Promover a participación activa e de calidade das persoas na comunidade, xerando espazos de construción colectiva, seguros e próximos, baseados en relacións de coidado mutuo

Visibilizar e desenvolver prácticas ecofeministas no territorio, ademais de contribuír á construción de comunidades non-sexistas nin discriminatorias

Revalorizar o ámbito rural e conectalo en igualdade co urbano, apostando por formas máis resilientes de organizar os territorios

Incidir nas políticas públicas para construír estratexias para o desenvolvemento dos territorios desde a perspectiva do bo vivir

Esta Carta de Principios da Economía Solidaria é a achega que REAS Rede de Redes de Economía Alternativa e Solidaria fai ao conxunto de economías e movementos críticos e transformadores cos que, local e globalmente, desde o traballo colaborativo, quere xerar axendas comúns e desenvolver alianzas para promover os cambios en profundidade que precisan as nosas comunidades e o planeta.

Tamén persegue que calquera persoa, colectivo, empresa ou institución pública, non soamente coñeza os valores que promove o movemento da Economía Solidaria, senón que os incorpore á súa actividade social e económica como considere máis oportuno, dentro das súas posibilidades e no marco da súa propia identidade, contribuíndo así á xeración de espazos e relacións socioeconómicas máis plurais e diversas que afronten os retos ecosociais que o noso futuro presenta.

Cómpre sinalar, finalmente, que non se trata tan só dunha declaración retórica de principios, senón que son as características compartidas que definen ás organizacións e ao conxunto do movemento da Economía Solidaria. Así, convértense nos compromisos que asumen todas as súas iniciativas e proxectos, avaliando estes principios permanentemente a través de ferramentas de Auditoría ou Balance Social. Deste xeito, non só se mide o grao do seu cumprimento e se promoven medidas de mellora, senón que se dá conta publicamente dos resultados e do propio corazón que latexa nas organizacións e redes da Economía Solidaria.

Esperamos que haxa cada vez máis organizacións e iniciativas que se sumen a estes principios e, con ese paso, fortalezan o movemento da Economía Solidaria que REAS Rede de Redes de Economía Alternativa e Solidaria representa. Porque a transformación da economía é para esta rede unha cuestión de principios. Principios que alentan o desenvolvemento de prácticas alternativas ao servizo da sustentabilidade da vida.

reas

red de redes de economía
alternativa y solidaria